

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL CRG DA
CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA**

Capítulo 1

Denominación, fins e domicilio social

Artigo 1 - Denominación

Ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, del 22 de marzo, e normas complementarias, constitúese a asociación profesional denominada "ASOCIACIÓN PROFESIONAL CRG DA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA", con plenas capacidades xurídicas e de actuación, que se rexerá polos presentes Estatutos.

Artigo 2 - Finalidade

A Asociación terá as seguintes finalidades:

- A representación, xestión, defensa e fomento dos intereses profesionais, laborais e sociais dos seus membros.
- Promover a mellora das condicións xerais e particulares para o desenvolvemento da actividade profesional dos asociados, así como a unificación de criterios e sistemas, servindo con obxectividade ós intereses xerais da sociedade e no marco normativo regulador.
- Impulsar o recoñecemento da profesión de conservadores e restauradores de bens culturais e defender os intereses de quen a exerce.
- Difundir o noso compromiso, persoal e profesional, coa Conservación e Restauración de Bens Culturais, entendendo a nosa labor como unha parte importante na difusión da cultura e en especial da protección e promoción do noso patrimonio cultural.
- Participar en todo tipo de actos que contribúan a dignificar a imaxe da profesión e realzar ante a opinión pública a importancia sociocultural e económica da actividade desenvolvida polos conservadores e restauradores.
- Colaborar coas entidades públicas e privadas para a consecución dos fines que se sinalan.
- Defender os dereitos profesionais dos asociados ante a administración pública.
- Intervir conciliadoramente nas diferencias e conflitos que puidera xurdir entre as empresas e profesionais asociados.
- Defender os asociados fronte o intrusismo e a competencia desleal.
- Asesorar aos asociados, na medida dos posible, en todos os aspectos relacionados co exercicio profesional da actividade de conservadores e restauradores.
- Propiciar as relacións con outras asociacións similares de profesionais e de empresas, tanto autonómicas coma nacionais, co fin de fomentar o intercambiar ideas, coñecementos técnicos, recursos e calquera outro elemento útil aos fins da

Asociación.

- Editar publicacións e divulgar información de interese para los asociados.
- Organizar cursos, seminarios, concursos e todo tipo de actividades para o fomento e a mellora da práctica profesional de conservadores e restauradores.
- Calquera outra finalidade que correspondan á natureza da entidade e que poidan ser decididas polos seus órganos directivos.

Artigo 3 - Personalidade xurídica

A Asociación CRG se constitúe en calidade de asociación, sen ánimo de lucro, de profesionais e empresas. En caso de producirse algún excedente de ingresos sobre gastos, dita cantidade se aplicará á consecución dos seus fins. A contratación de servizos remunerados aos socios quedará sometida ao que determine o Regulamento Interno. Os fondos sociais poderán ser utilizados unicamente para cubrir aqueles gastos que se deriven do cumprimento dos fines para os que foi creada a Asociación.

Artigo 4 - Duración

A duración da Asociación será indefinida, e só poderá disolverse por acordo dos seus membros, debidamente adoptado en Asemblea Xeral, e nos demais supostos previstos pola lexislación vixente.

Artigo 5 - Ámbito de acción territorial

O ámbito territorial das actividades da Asociación será comunidade autonómica de Galicia, non desbotando por ilo a posibilidade de divulgación das actividades e fines da Asociación fora do ámbito declarado.

Artigo 6 - Domicilio social

O domicilio social da Asociación quedará fixado en rúa A Pacheca, nº 10, 36630 Cambados, e seu enderezo electrónico é asociacion.crg@gmail.com, podendo a Asociación, por acordo da súa Xunta Directiva, establecer delegacións, oficinas, centros de traballo e similares en calquera outro punto de Galicia. Así mesmo, poderá trasladar o domicilio social previo acordo adoptado pola Asemblea Xeral. O cambio de domicilio social será comunicado ó órgano administrativo competente para o depósito dos Estatutos da Asociación. Non obstante, a asociación poderá, no desenvolvemento dos seus fins, celebrar actos en calquera lugar cando a natureza dos mesmos así o requira.

Artigo 7- Dereitos reservados

As expresións «ASOCIACIÓN PROFESIONAL CRG DA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA» e «ASOCIACIÓN CRG» serán denominacións rexistradas e non poderán ser utilizadas sen previo permiso escrito da Asociación.

Capítulo II

Dos socios: dereitos e obrigas

Artigo 8

Poderá ser membro de pleno dereito desta asociación empresas e profesionais libres, ben persoas físicas ou xurídicas, que desenvolvan a súa actividade na comunidade autónoma de Galicia, e exercéndoa baixo o marco normativo vixente e sexan posuidores dun título oficial, Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais (en calquera das súas especialidades), licenciatura en Belas Artes coa especialidade en Restauración anterior á reforma Universitaria de 1990 e R.D. 1432 de 1990, licenciatura en Belas Artes posterior e coa carga de créditos igual ou superior ó que se estableza polo órgano que se determine e aprobada pola Asemblea Xeral, título oficial estranxeiro de conservación e restauración e equiparable.

As persoas xurídicas que sexan membros da Asociación, participarán nas súas actividades e incluso nos órganos de goberno, a través das persoas físicas que desempeñen nelas os cargos de representación ou xestión, segundo a información que se desprenda dos documentos legais de constitución dos diferentes tipos de sociedades (acta de constitución, escritura pública de constitución ante notario) ou dos poderes notariais que sexan suficientes a xuízo dos órganos reitores desta Asociación e sempre que estean vixentes ditos poderes de representación.

Para obter a condición de asociado, os interesados (empresas ou profesionais) deben presentar solicitude de admisión á Xunta Directiva da Asociación, acreditando a actividade que realizan e a súa radicación territorial, mediante os oportunos xustificantes administrativos que a Xunta Directiva determine.

A solicitude de ingreso implica a aceptación expresa dos Estatutos e normas que rexen a Asociación.

Artigo 9

Tamén poderá haber socios extraordinarios («socios non profesionais») que serán aqueles que, sendo previamente socio, por cese temporal da actividade estean en condición de baixa a efectos sociolaborais e fiscais. Os socios non profesionais terán dereito a facerse oír («dereito de voz») nas Asembleas Xerais, pero non disporán de dereitos de sufraxio activo

nin pasivo en tales Asembleas. A condición de socio non profesional quedará rexida polos requisitos que determine o Regulamento Interno, que establecerá para dichos socios unha cota reducida.

Artigo 10

O título de socio fundador será honorífico e poderán facer uso del tódalas persoas que firmaron a acta de fundación. Os socios fundadores só terán dereito a voz e voto nas Asembleas Xerais mentres manteñan a súa condición de socios numerarios.

Artigo 11

Serán socios de honra as persoas ou institucións que merezan esta consideración polas súas contribucións ou por actividades relacionadas cos fines da Asociación. Este nomeamento será aprobado pola Xunta Directiva de acordo coas regras que estableza o respecto o Regulamento Interno. Os socios de honra non satisfarán cota algunha e poderán asistir ás Asembleas Xerais, con dereito a voz pero sen voto. A calidade de socio de honor non es incompatible coa condición de socio numerario.

Artigo 12

Tódolos socios numerarios teñen os mesmos dereitos e obrigas.

Artigo 13

Para ser socio numerario ou extraordinario, será necesario solicitalo por escrito á Secretaría da Asociación ou a un representante da Xunta. A entrega del impreso de solicitude de admisión, debidamente cumprimentado, terá os efectos de solicitude de ingreso en calidade de socio numerario o extraordinario. A Xunta Directiva resolverá sobre a admisión do socio, baseándose nos Estatutos, o Regulamento Interno e a lexislación vixente. As persoas menores de idade non poderán ser membros da Asociación.

Artigo 14

Para a admisión do solicitante será necesario que a Xunta Directiva a acorde por maioría de dúas terceiras partes. A Xunta Directiva poderá delegar esta tarefa nunha Comisión de Admisións, que tomará as súas resolucións de acordo coas mesmas condicións de maioría. Dita Comisión rexerese polas normas de creación e funcionamento que determine o Regulamento Interno con respecto ás comisiones.

Artigo 15

No caso de se denegar a solicitude de admisión, a Xunta non delegará en ningunha Comisión para tomar a decisión final, que deberá estar debidamente motivada de conformidade cos Estatutos, o Regulamento Interno e a lexislación vixente. Ademais, o solicitante poderá recorrer ante a Asemblea Xeral contra o acordo da Xunta Directiva ou a Comisión de Admisións. O prazo para a interposición do recurso é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da notificación de dito acordo.

Si para a denegación dunha admisión, a Xunta alegara motivos no contemplados no Regulamento Interno, propondrá á Asemblea a posible modificación do Regulamento Interno, para reducir na medida do posible motivos de denegación non especificados.

Artigo 16

A afiliación á Asociación leva inherente o pago dunha cota.

Artigo 17

Poderán efectuarse aportacións voluntarias á Asociación. O pago deste tipo de contribucións non supón a adquisición da condición de socio.

Artigo 18

Tódolos socios teñen os seguintes dereitos:

- Dereito a asistir e participar nos actos e actividades organizados pola Asociación.
- Dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais, salvo o establecido no Artigo 9 dos presentes Estatutos. Cada socio só terá dereito a un voto.
- Dereito de libre acceso aos cargos da Asociación, na forma prevista nos presentes Estatutos e normativas de carácter interno que se poidan redactar, sen prexuízo do disposto no Artigo 9 dos presentes Estatutos.
- Dereito a escoller ás persoas que van a ocupar os cargos da Asociación, sen prexuízo do disposto no Artigo 9 dos presentes Estatutos.
- Dereito a expoñer á Asemblea e á Xunta Directiva todo o que consideren que poida contribuír a mellorar a Asociación e á máis eficaz consecución dos seus obxectivos sociais.
- Dereito a solicitar e obter explicacións sobre a administración e xestión da Xunta Directiva.
- Dereito a recibir información sobre as actividades da Asociación.

- Dereito a facer uso dos servizos comúns que a Asociación estableza ou teña a súa disposición.
- Dereito a formar parte dos grupos de traballo que se creen.
- Ter un exemplar dos estatutos.
- Dereito de acceso aos libros de contas da Asociación durante os vinte días precedentes ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral. Terán así mesmo dereito a acceder ao libro de Actas e ao presuposto para o seguinte exercicio económico.
- Dereito de delegación de voto debidamente xustificada nas Asembleas Xerais, en caso de imposibilidade de asistencia. Cada socio poderá presentar tres votos de socios non asistentes, sempre e cando a delegación do voto se teña notificado por escrito á Xunta ao menos con dez días de antelación.
- Dereito a votar por correo en todos aqueles procesos electorais que se convoquen durante as Asembleas Xerais, en caso de imposibilidade de asistencia, sempre que se actúe de conformidade ao disposto no Regulamento Interno sobre o funcionamento do voto por correo.

Artigo 19

Tódolos socios teñen as seguintes obrigas:

- O cumprimento dos presentes Estatutos, así coma os acordos e directrices da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, e as disposicións indicadas en calquera Regulamento Interno da Asociación aprobado por la Asemblea Xeral.
- O respecto do código deontolóxico da Asociación.
- O cumprimento fiel de aqueles cargos da Asociación para os cales fosen nomeados.
- O pago puntual das cotas de entrada e periódicas establecidas pola Asemblea Xeral.

Artigo 20 - Perda da condición de socio

A condición de membro da Asociación poderá perderse por uno ou varios dos seguintes motivos:

- Pola perda dos requisitos esixidos para ser socio numerario e non ter recoñecida a condición de socio extraordinario.
- Por falecemento da persoa física ou pola extinción da persoa xurídica.
- Por renuncia expresa do interesado en escrito dirixido á Xunta Directiva, sen que isto o exima de satisfacer as obrigas pendentes coa entidade. A baixa voluntaria deberá ser notificada, ao menos, con dez días de antelación.

- Por falta de pago das cotas correspondentes a un ano. A Xunta Directiva comunicará ao socio a súa expulsión, contra a que caberá recurso ante a Asemblea Xeral.
- Por infracción dos Estatutos, por acordo dos órganos directivos da Asociación, por contravir o código deontolóxico da Asociación ou por cometer actos que atenten contra o prestixio ou a imaxe da Asociación. En tal caso, a Xunta Directiva deberá incoar un expediente de investigación ao respecto, sendo preceptiva a audiencia do interesado. En función do resultado de dito expediente, a Xunta Directiva poderá propoñer á Asemblea Xeral a expulsión do socio, que haberá de ser adoptada por maioría de dúas terceiras partes. O prazo para a interposición do correspondente recurso é dun mes natural antes da celebración de dita Asemblea.
- Pola divulgación ou utilización en proveito propio ou alleo de información considerada confidencial.

A baixa dun asociado, calquera que sexa a súa causa, suporá a perda de tódalas aportacións económicas que teña efectuadas, sexan ordinarias ou extraordinarias, renunciando expresamente a calquera reclamación sobre as mesmas, así como a perda de tódolos dereitos que puidera ter na Asociación.

O asociado que causara baixa voluntaria, e posteriormente solicitase o reingreso na Asociación, deberá de abonar as cotas correspondentes a todo o tempo en que estivo de baixa, salvo que esta se producira polo cese da actividade, ou outra causa xustificada a xuízo da Xunta Directiva.

Capítulo III

Dos órganos directivos e da forma de administración

Artigo 21

Os órganos de goberno da Asociación son:

- a) A Asemblea Xeral de Socios.
- b) A Xunta Directiva.

Artigo 22

A Asociación rexerese pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, polo Regulamento Interno e polos acordos da Asemblea Xeral de Socios e a Xunta Directiva; estes últimos acordos non poderán estar en oposición cos da Asemblea.

Artigo 23

A Asemblea Xeral de Socios é o órgano supremo reitor da Asociación e estará formada pola totalidade dos socios.

Artigo 24

As Sesións da Asemblea Xeral poderán ser Ordinarias ou Extraordinarias. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse obrigatoriamente polo menos unha vez ao ano.

Artigo 25

Nas Asembleas Xerais Ordinarias aprobaranse as contas anuais e o orzamento da Asociación, presentarase a memoria do exercicio anterior así como os proxectos e propostas para o exercicio seguinte e elixíranse, se procede, os cargos da Xunta Directiva.

Artigo 26

A Asemblea Xeral será convocada con carácter extraordinario nos seguintes supostos:

- a) Cando así o acorde a Xunta Directiva.
- b) Cando sexa solicitado por un número de socios non inferior ao 30 % dos presentes ou representados na Asemblea.
- c) Cando se proxecte modificar os Estatutos, cambiar o nome da Asociación ou disolvela.
- d) En caso de dimisión colectiva da Xunta Directiva.

Artigo 27

A convocatoria das Sesións da Asemblea Xeral, tanto Ordinarias como Extraordinarias, corresponderá á Xunta Directiva, e realizarase por escrito ou por medios electrónicos con mención de lugar, data e hora. Na mesma comunicación deberá incluírse a orde do día previsto. Esta notificación deberá facerse cunha antelación de quince días naturais.

Artigo 28

A orde do día será o establecido pola Xunta Directiva. Esta orde do día poderá ser alterado mediante a inclusión de novos asuntos a solicitude dos asociados. Para iso será necesario dirixir petición por escrito á Xunta, e haberá de ir avalada, polo menos, polo 10 % dos socios. As propostas de orde do día enviaranse á Xunta Directiva, polo menos 10 días naturais antes da celebración da Asemblea Xeral. Tamén poderán debaterse, por motivos de urxencia,

cuestións expostas no curso da reunión, se así o decide un mínimo do 30 % dos socios presentes ou representados.

Artigo 29

A orde do día das Sesións das Asembleas Xerais Ordinarias será o seguinte:

- a) Lectura e aprobación, se se acorda, da acta da última Asemblea.
- b) Lectura da memoria do exercicio anterior, que coincidirá co ano natural.
- c) Presentación do estado de contas por parte do Tesoureiro e aprobación, se corresponde.
- d) Elección, se procede, de cargos da Xunta Directiva.
- e) Presentación de proxectos.
- f) Presentación e debate do orzamento ordinario para o exercicio seguinte.
- g) Propostas da Xunta Directiva e do 10 % dos socios.
- h) Rogos e preguntas.

Artigo 30

Na Asemblea Xeral Extraordinaria non poderán tratarse máis asuntos que os fixados na orde do día.

Artigo 31

Para poder adoptar acordos, tanto na Asemblea Xeral Ordinaria como na Extraordinaria, será necesaria a asistencia en primeira convocatoria do 50 % dos socios máis un. Se non se conseguise este quórum, transcorrido o prazo que se anunciou no aviso de convocatoria, celebrarase a reunión en segunda convocatoria, na que se poderán adoptar acordos independentemente do número de asistentes. Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós nos asistentes.

Artigo 32

As Asembleas Xerais serán presididas polo Presidente da Asociación e actuará de Secretario o que o sexa da Xunta Directiva. En caso necesario, o Presidente será suplido polo Vicepresidente e o Secretario por persoa integrante da Xunta Directiva que o substitúa, ou ben por outras persoas en función do que determine o Regulamento Interno.

Artigo 33

Para acordar a disolución da Asociación será necesario o voto favorable de tres cuartas partes da Asemblea Xeral.

Artigo 34

Ademais, será necesario o voto favorable de dúas terceiras partes da Asemblea Xeral nos seguintes supostos:

Lectura e aprobación, se se acorda, da acta da última Asemblea.

- a) A contratación de empréstitos.
- b) A aprobación e reforma dos Estatutos.
- c) A adquisición ou alleamento de bens do patrimonio social.
- d) A integración da Asociación nalgũa agrupación de carácter análogo. O cambio de nome da entidade.
- e) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- f) A resolución de expedientes disciplinarios.

Artigo 35

En todos os demais casos, os acordos da Asemblea Xeral serán adoptados por maioría simple dos socios presentes ou representados, e terán carácter executivo. Se un 10 % dos asistentes o solicita, a votación será secreta, como tamén poderá selo, nas condicións que estipule o Regulamento Interno, cando se trate dalgún asunto que afecte a algunha persoa determinada.

Artigo 36

Tamén serán funcións da Asemblea Xeral, entre outras e sen carácter limitativo, as seguintes:

- a) Aprobar a memoria e o estado de contas do exercicio pechado.
- b) Analizar o desenvolvemento das actividades realizadas e os obxectivos alcanzados.
- c) Aprobar o programa anual de actividades.
- d) Aprobar os orzamentos anuais.
- e) Aprobar o/os Regulamento/s Interno/s, se procede.
- f) Elixir os membros da Xunta Directiva, e aprobar o nomeamento dos Presidentes das Comisións que se establezan.

- g) Aprobar ou modificar as cotas dos socios.
- h) Resolver as cuestións expostas pola Xunta Directiva.
- i) Ratificar o nomeamento dos socios de honra.
- j) Resolver os recursos presentados contra decisións da Xunta Directiva.
- k) Resolver as peticións de utilización de dereitos reservados.
- l) Facultar á Xunta Directiva para a adopción de decisións inmediatas ou de carácter urxente.

Artigo 37

En tanto non se celebre a Asemblea Xeral de Socios, a dirección, xestión e administración da Asociación serán exercidas pola Xunta Directiva de acordo coas directrices marcadas pola Asemblea Xeral. Así mesmo, a Xunta Directiva poderá establecer proxectos de Regulamento Interno, que se someterán á aprobación da seguinte Asemblea Xeral, referentes ao procedemento electoral e a outros temas que non se atopen suficientemente regulados nos presentes Estatutos.

Artigo 38

A Xunta Directiva está composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal como mínimo. O número de Vogais poderá aumentar ou diminuír, pero nunca por debaixo do mínimo, segundo o volume de actividades que leven a cabo no seo da Asociación. A Xunta Directiva será elixida pola Asemblea Xeral. Os cargos recaerán nas persoas físicas, independentemente de si actúan en nome propio ou en representación dunha persoa xurídica; polo tanto non son transferibles.

Artigo 39

Na primeira reunión da Xunta Directiva elixirase entre os seus membros a un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro.

Artigo 40

A duración dos cargos para a Xunta Directiva será de dous anos. Cada dous anos, a Xunta Directiva deberá convocar eleccións para renovarse.

Artigo 41

Os cargos da Xunta Directiva serán voluntarios, non remunerados e elexibles indefinidamente.

Artigo 42

As vacantes existentes na Xunta Directiva por dimisión, enfermidade ou calquera outra causa poderán ser cubertas provisionalmente por acordo da Xunta Directiva dentro do seu período de vixencia e ata a primeira reunión da Asemblea Xeral, que haberá de proceder á ratificación dos novos cargos. Así mesmo, a Xunta Directiva poderá crear e cubrir novos postos de vogal en función das necesidades, que necesariamente deberán ser ratificados na seguinte reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 43

A Xunta Directiva reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre. Estas reunións poderán ser presenciais ou realizarse mediante videoconferencia, conferencia telefónica, servizo de mensaxería instantánea por Internet ou calquera outro medio dispoñible. Despois de cada reunión, a Xunta deberá publicar un breve resumo da acta da mesma. Poderán convocarse reunións da Xunta Directiva a petición do Presidente ou dun 25% dos membros da mesma.

Artigo 44

A Xunta Directiva considerárase constituída cando se reúna, xa sexa presencialmente ou a distancia, polo menos o 50 % dos seus membros máis un. Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes, salvo nos casos nos que se esixa un quórum especial. O voto do Presidente será de calidade para dirimir os empates. Non se admiten os votos en representación.

Artigo 45

O membro da Xunta Directiva que non participe en tres reunións consecutivas sen aviso ou xustificación previa, poderá ser destituído pola Xunta Directiva, que entón poderá nomear un substituto de acordo coas regras do Artigo 42 dos presentes Estatutos. A destitución non supón, per se, a perda da condición de socio.

Artigo 46

A Xunta Directiva será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente. En ausencia de ambos, os presentes designarán a un entre eles para que presida a reunión.

Artigo 47

Son funcións da Xunta Directiva, entre outras e sen carácter limitativo, as seguintes:

- a) A representación da Asociación en tanto non se celebre a Asemblea Xeral, así como a dirección, xestión e administración da Asociación.
- b) A resolución sobre a admisión ou expulsión dos socios, sen prexuízo da necesaria ratificación en Asemblea Xeral.
- c) A execución dos acordos da Asemblea Xeral.
- d) O nomeamento das comisións.
- e) A comunicación con outras entidades.
- f) A interpretación dos presentes Estatutos, cubrindo as súas posibles lagoas, sempre de acordo co seu espírito e coa lexislación vixente.
- g) A elaboración e aprobación inicial do/s Regulamento/s Interno/s. Esta aprobación non será definitiva ata a súa ratificación por maioría simple en Asemblea Xeral.
- h) A información aos socios daqueles asuntos incluídos na orde do día das Asembleas Xerais.
- i) A notificación da convocatoria das Sesións Ordinarias ou Extraordinarias da Asemblea Xeral, así como a orde do día previsto.

Artigo 48

En caso de dimisión colectiva da Xunta Directiva, esta deberá convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria cuxa única orde do día será a elección da nova Xunta Directiva.

Artigo 49

A Xunta Directiva poderá constituír tantas comisións de traballo como considere necesarias; estas comisións encargaranse da organización, a realización e o seguimento das diferentes actividades encamiñadas á consecución dos fins da Asociación. Todas as comisións haberán de estar presididas por un membro da Xunta Directiva ou un socio designado pola Asemblea para tal labor, o cal informará á Xunta sobre o estado das xestións realizadas.

En caso de necesidade ou inicio dunha actividade no período entre asembleas, o Presidente da comisión será nomeado provisionalmente pola Xunta Directiva e ratificado, se procede, en Asemblea Xeral.

Artigo 50

Corresponde ao Presidente:

- a) Convocar e presidir a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral de Socios.
- b) Desempeñar a representación da Asociación.
- c) Asinar todos os documentos e cartas.
- d) Tomar decisións sobre medidas urxentes, informando á Xunta Directiva.
- e) Subscribir, xunto co Secretario, as actas das Sesións e todo tipo de documentos que emanen da Asociación.
- f) Autorizar os documentos de Tesouraría e ordenar os pagos.
- g) Propor asuntos para a súa inclusión na orde do día da Asemblea Xeral.
- h) Decidir as votacións con voto de calidade no caso de empate.
- i) Informar á Xunta Directiva sobre as solicitudes de ingreso dos aspirantes a socio.

Artigo 51

Corresponde ao Vicepresidente:

- a) Realizar as xestións propias da Presidencia que lle sexan delegadas por decisión expresa do Presidente.
- b) Substituír ao Presidente en todas as súas funcións cando estea ausente ou imposibilitado para exercelas.

Artigo 52

Son funcións do Secretario:

- a) Actuar como tal nas reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b) Cursar a convocatoria para as Sesións de calquera dos órganos de goberno da Asociación.
- c) Custodiar os libros, documentos e selo da entidade, excepto os documentos contables.
- d) Comunicar aos interesados as decisións adoptadas.
- e) Redactar a memoria anual.
- f) Actualizar o Libro Rexistro de Socios.

- g) Redactar as actas da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, que asinará xunto co Presidente.
- h) Cursar as certificacións legais co visto e prace do Presidente.
- i) Xestionar a correspondencia.

Artigo 53

Son funcións do Tesoureiro:

- a) Ser depositario oficial dos fondos de que dispoña a Asociación, así como dos documentos contables. Revisar as contas da Asociación xunto co Presidente e o Secretario.
- b) Elaborar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, xunto co Secretario.
- c) Confeccionar os recibos anuais das cotas dos membros e calquera outro recibo que sirva para xustificar os ingresos por outro concepto.
- d) Levar a contabilidade da Asociación, así como os cobros por conta desta. Terá a facultade de retirar os fondos necesarios para a súa xestión naquelas contas bancarias cuxa titularidade corresponda á Asociación.
- e) Informar á Asemblea e á Xunta Directiva das incidencias de tipo económico que poidan producirse.
- f) Presentar o estado de contas da Asociación á Asemblea Xeral Ordinaria.
- g) Informar trimestralmente á Xunta Directiva do estado de execución do orzamento.

Artigo 54

Os Vogais teñen a obriga de asistir ás Xuntas e Asembleas, así como o dereito de intervir nos debates que se realicen e votar segundo o seu parecer. Ademais das obrigas do seu cargo como membros da Xunta Directiva, terán aquelas obrigacións que emanen das delegacións que a propia Xunta lles encomende.

Capítulo IV

Do réxime económico

Artigo 55

A Asociación non dispón de patrimonio algún no momento de constituírse.

Artigo 56

Os recursos económicos da Asociación estarán constituídos por:

- a) Cotas procedentes dos seus socios.
- b) Subvencións, públicas e privadas, e legados e doazóns.
- c) Os produtos ou froitos procedentes dos bens e dereitos do seu patrimonio.
- d) O produto de calquera servizo que obteña a Asociación a través das actividades que acorde levar a cabo a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

Artigo 57

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na seguinte Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 58

Os ingresos depositaranse en conta corrente ou caderno á vista, aberta a nome da Asociación. A disposición dos fondos require a firma do Presidente, do Secretario e do Tesoureiro. Ademais poderá autorizarse a outros membros da Xunta Directiva cada vez que sexan relevadas as persoas que ocupan os cargos perderán o poder de firma, que pasará aos seus sucesores.

Artigo 59

O exercicio económico da Asociación coincidirá co ano natural. En tanto non se aprobe un orzamento para o exercicio seguinte, prorrogarase o anterior de mes en mes e por doceavas partes.

Artigo 60

Os cargos non serán retribuídos, sen prexuízo de que os seus titulares teñan dereito a recuperar os gastos autorizados que se deriven das xestións encomendadas pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

Artigo 61

As contas de cada exercicio serán sometidas á aprobación da primeira Asemblea Xeral que se celebre con posterioridade ao peche. A Asemblea poderá designar para a verificación das contas sociais a dous censores, os cales presentarán o seu informe na Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria seguinte. Os censores serán obrigatoriamente membros da Asociación.

A Xunta Directiva poderá, así mesmo, confiar a certificación ou auditoría das contas da Asociación a un auditor externo.

Capítulo V do Regulamento de Réxime Interno

Artigo 62

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas nestes estatutos e non pode ir en contra do estipulado neles, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

Capítulo VI Modificación dos Estatutos

Artigo 63

Os presentes Estatutos soamente poderán ser modificados por acordo adoptado en Asemblea Extraordinaria convocada con tal obxecto, sen excluír a presentación doutros asuntos. Para que teña validez a modificación, será imperativa a súa aprobación por maioría de dúas terceiras partes dos votos dos presentes ou representados. O procedemento para a súa inscrición será o mesmo que o seguido para a dos Estatutos orixinais. Se a modificación dos Estatutos fose imposta pola lei, a Xunta Directiva queda facultada para levala a cabo.

Capítulo VI

Disolución e liquidación da Asociación

Artigo 64

Non se poderá levar a cabo a disolución da Asociación mentres non se declarou acabada unha obra en curso de execución ou unha actividade pola cal se recibiu unha subvención determinada, nin mentres non estea amortizada unha débeda.

Artigo 65

A Asociación disolverase pola imposibilidade de cumprimento dos seus fins ou pola vontade dos seus membros, manifestada en Asemblea Xeral Extraordinaria por unha maioría de tres cuartas partes dos presentes ou representados nela.

Artigo 66

Unha vez acordada a disolución da Asociación, a Xunta Directiva quedará constituída en Comisión Liquidadora, a cal acordará o pago das débedas e o cobro dos créditos pendentes. Finalizado este procedemento, os fondos e o patrimonio da Asociación serán entregados directamente á entidade pública ou privada sen ánimo de lucro que máis houbera contribuído ao sostemento da Asociación. Os membros da Asociación están exentos de responsabilidade persoal. A súa responsabilidade quedará limitada a cumprir as obrigas que eles mesmos contraeron voluntariamente.